

DINÁMICAS PARA TRABALLAR AS EMOCIONS

XOGA COAS EMOCIONS



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Recoñecer as emocións nos demais.
- ★ Entender e respectar as diferentes expresións emocionais dos demais.
- ★ Practicar a expresión emocional.
- ★ Outorgar a importancia que ten á linguaxe non verbal

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Unha das persoas preséntase voluntaria e se coloca da "U", de modo que as demais poidan velo.
- ★ O titor/a colócalle unha diadema de goma rodeando a súa fronte, que servirá de soporte para colocar un dos cartóns coas caras das emocións (nas seguintes follas).
- ★ A persoa voluntaria escolle un cartón sen miralo e o titor/a colócallo suxeito pola diadema, sen que poida velo e de modo que sexa visible para o grupo, que non poderán dicir nada.
- ★ O alumnado deben teatralizar a emoción que ten o seu compañeiro/a na fronte, quen terá que adivinala só polas expresións das demais persoas.
- ★ Sae outra persoa voluntaria.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Foi fácil recoñecer as emocións? E expresalas?
- ★ Pensades que hai emocións máis difíciles de adiviñar? Cales vos custaron máis?
- ★ Adoitades prestar atención á linguaxe emocional das persoas que vos rodean?
- ★ Algunha vez comprobastes que o que as persoas din, ás veces contradíse co que expresan? Vós facédelo? Poñede algún exemplo.
- ★ Pensades que recoñecer que sentides tristura, enfado, sorpresa, alegría... pode axudar ás demais persoas a entender-vos mellor?
- ★ Cando vos preguntan: "Como estás?", Que adoitades responder?, Como pensades que poderíades facelo mellor?

MATERIAIS

- ★ Diadema
- ★ Cartóns impresos e recortados das expresións faciais.



